

C.E.I.P. de Oímbra

GUÍA INFORMATIVA 2010-2011



RÚA GRUPO ESCOLAR, 16.

C.P. 32600. Oímbra. Ourense.

Teléfono: 988426201

Correo: ceip.oimbra@edu.xunta.es

Contido

BENVIDOS O NOVO CURSO ESCOLAR

O NOSO PROXECTO EDUCATIVO

NORMAS XERÁIS DO COLEXIO

OUTRAS INFORMACIONS DE INTERESE

CALENDARIO ESCOLAR

¡BENVIDOS O NOVO CURSO 2010-2011!

Unha vez máis, o Claustro de Profesores quere darvos a benvida a todos e, dun xeito especial, a aqueles alumnos e ás súas familias que se incorporan por primeira vez ó noso centro, desexando que vos sintades pronto plenamente integrados nesta comunidade educativa.

O obxectivo desta guía é informarvos dalgúns datos de interese como o calendario escolar, o horario e a normativa xeral que é necesario cumprir para o bo funcionamento do colexio: non debemos esquecer que todos perseguimos o mesmo fin, a educación dos vosos fillos e fillas. Eles e elas farán o que nos vexan facer a todos nós. De aí a importancia de respetar as regras e seguir a mesma liña educativa na medida do posible.

Agradecemosvos a confianza posta en nós para que compartamos esta gran responsabilidade. Dada a importancia que ten estar ben informado, pregámosvos que prestedes a máxima atención a todo o contido que vos facilitamos nesta guía informativa, e que esperamos que vos sexa de utilidade. Convén que a gardedes para posibles consultas ao longo do curso.

HORARIO XERAL

Setembro e Xuño:

Mañás: de 8:45 a 13:00 horas (xornada continua)

Comedor: de 13:00 a 13:30 horas

A partir de Outubro:

Mañás: de 9:45 a 13:15 horas

Comedor: de 13:15 a 14:30 horas

Tardes: de 14:30 a 16:00 horas

O NOSO PROXECTO EDUCATIVO

Este levarase a cabo mantendo como principio o desenvolvemento da convivencia democrática; creando actitudes e valores de tolerancia, solidariedade e responsabilidade. Mantendo unha permanente colaboración entre tódolos sectores educativos do entorno, orixinada a través da continua colaboración e coordinación do profesorado e equipos docentes do colexio; todo dentro dun marco de normalización lingüística e cultural da nosa lingua, fomentando o desexo e inquedaanza polo saber, tanto no profesorado como no alumnado.

Preténdese acadar ó remate da escolaridade neste centro o nivel necesario para poder continuar nos estudos obrigatorios posteriores, dunha forma crítica, creativa, racional e solidaria.

⇒ PROPÓSITOS XERAIS.

- Manter como principio a convivencia democrática, creando actitudes e hábitos de tolerancia, solidariedade e responsabilidade.
- Ser capaces de crear un clima de permanente colaboración entre tódolos sectores educativos, coa axuda da continua coordinación do profesorado e equipos docentes do centro.
- Desenvolver toda a actividade educativa cun especial compromiso do proceso de normalización lingüística, comprometendo a tódolos sectores educativos (pais e nais, Concello, organismos públicos...).
- Fomentar o desexo e a inquedaanza polo saber.
- Defensa do medio ambiente, favorecendo a relación interpersoal e socio-cultural da escola-medio.
- Proporcionar unha educación non discriminatoria orientada á igualdade de tódolos alumnos e alumnas, facendo posible a adquisición das aprendizaxes básicas e significativas.
- Perseguir a autonomía persoal, mellorando o razonamento e inducendo costumes de comportamento, hixiene e saúde.
- Fomentar o hábito lector.

NORMAS XENERAIS DO COLEXIO

- ❖ O horario para o alumnado será de luns a venres e de 9.45 a 16.00 horas. O horario de atención a pais e nais, de secretaría e de dirección, fixaranse ao principio de cada curso.
- ❖ O alumnado formará filas por cursos, dende o momento que soe o primeiro timbre e se abran as portas do centro. Cando sone o segundo timbre accederán ao centro e se dirixirán ás súas respectivas aulas.

- ❖ Durante o horario de clases evitarase a produción de calquera tipo de ruído, tanto no interior das aulas coma no exterior, que poidan interferir no normal desenvolvemento destas.
- ❖ Non se correrá polos corredores.
- ❖ Baixarnse as escaleiras sen correr nin saltar.
- ❖ Utilizaranse as papeleiras do Centro para calquera desperdicio.
- ❖ Coidarase a compostura, segundo as normas xerais de educación.
- ❖ Comunicarase ao equipo directivo a presenza no centro de persoas alleas a este.
- ❖ Prohíbese fumar no centro de traballo, segundo a actual lexislación.

OUTRAS INFORMACIÓNS DE INTERESE

1-LIBROS DE TEXTO

Poden consultar os libros de texto na porta da entrada do colexio ou na páxina web.

2-OS TITORES

Os alumnos/ás dispoñen dun profesor/titor que, ademais de guía académico, ocúpase de potenciar o seu rendemento e axúdalle a resolver calquera dificultade que poida xurdirle. O titor é o enlace entre a familia e o centro, polo que calquera problema ou dúbida que vos xurda convén que o faledes sempre con él.

Para nós é fundamental a relación familia-escola, polo que non dubidedes en solicitar ao titor unha entrevista sempre que o consideredes necesario. Da mesma forma, pregámosvos que acudades para falar con él ou con calquera outro profesor sempre que se solicite a vosa presenza. Desta forma a comunicación será fluída e poderemos actuar ou anticiparnos aos problemas que vaian xurdindo de forma eficaz.

Recórdasevos que o horario de visita de pais/nais é os luns de 16:00 a 17:00, previa solicitude con anticipación, sempre que sexa posible.

3-REUNIÓNS CON PAIS

Ao inicio de curso, convócanse as reunións xerais cos pais dos nosos alumnos/ás, terá lugar na primeira semana de outubro e se comunicará previamente Nela se lles informa dos distintos aspectos

pedagóxicos e organizativos do centro, e nas que poderedes coñecer os titores encargados da formación dos vosos fillos/ás.

A asistencia a estas e outras reunións posteriores, permite aos pais coñecer os criterios educativos que se seguen no colexio, as actividades que se están a realizar ou que están previstas e a evolución de cada grupo concreto de alumnos/ás. Consideramos moi importante a asistencia a estas reunións e agradecemosvos calquera suxestión que poida mellorar o proceso educativo.

4-ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Durante o curso, os profesores organizan diferentes actividades complementarias de carácter educativo que serven para completar a formación dos nosos alumnos/ás. Os pais son debidamente informados, mediante circulares, das características e obxectivos que se pretenden en cada unha delas.

Son actividades de estudo, non son recreativas, aínda que os nenos/ás gozan con elas; polo tanto, son obrigatorias. Estas actividades son unha clase máis, pero fóra da aula.

5-CUALIFICACIÓNS

Ao termo de cada trimestre, cada titor, en coordinación coa Xunta de Avaliación, elabora as cualificacións obtidas polos alumnos ao longo do trimestre. Con estas cualificacións son informados os pais do progreso nas aprendizaxes dos seus fillos, servindo tamén, de orientación e estímulo persoal para os alumnos.

Os boletíns de notas devolveranse ao titor debidamente asinadas polos pais. Queremos resaltar a importancia que teñen as cualificacións das actitudes e comportamento para a formación persoal dos nenos/ás, polo que vos recomendamos que valoredes con eles tamén os resultados destes aspectos.

6-MATERIAL ESCOLAR

Os alumnos/ás están obrigados a traer o material escolar que os profesores lles soliciten para poder realizar as súas tarefas escolares cada día do curso, sen esquecementos nin pretextos. Son eles os responsables desta tarefa e recomendámosvos que sexades estritos neste punto, dada a súa repercusión no desenvolvemento da súa autonomía e no bo rendemento académico.

Os titores notificarán ás familias as deficiencias que se vaian producindo neste aspecto, para que poidan colaborar, remediando a incidencia, apoiando os seus fillos e ao labor do colexio.

En Educación Física, non poderán participar nas clases desta materia, aqueles alumnos que non vaian equipados axeitadamente con zapatillas deportivas e chándal de deporte ou outra vestimenta que os profesores especialistas lles soliciten.

7-PASOS ESTABLECIDOS ANTE CASO DE ACCIDENTE

1. Atención por parte do profesorado.
2. Se é necesario, chamárase os pais.
3. Se é importante que o vexa un médico e non puidemos localizar os pais ou estes non poden acudir, chamárase o 061.
4. Se consideramos que a atención médica é urxente e o 061 tarda en chegar, volveráselles chamar para advertilos de que aínda non fomos atendidos e que imos proceder ao traslado do alumno/a ao hospital, chamando previamente á policía e, no seu caso, avisando un taxi.
5. Informárase telefónica ou persoalmente aos pais das medidas tomadas.

8-NOSA PÁXINA WEB

Dispoñemos dunha páxina Web onde poderedes ver as características do noso centro e onde colgamos información de carácter xeral. Se queredes acceder a ela a dirección é:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipoimbra/>

CALENDARIO CURSO 2010/2011

A Dirección, o Claustro de profesores/ás e demais persoal do colexio aproveitan esta ocasión para saudarvos e solicitan de todos vós /ás a necesaria colaboración para a boa marcha do centro.

¡ FELIZ CURSO 2010/2011!

CALENDARIO ESCOLAR



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP de Oímbra (Ourense)

CURSO 2010/2011

SEPTIEMBRE							OCTUBRE							NOVIEMBRE						
L	M	X	J	V	S	D	L	M	X	J	V	S	D	L	M	X	J	V	S	D
		1	2	3	4	5					1	2	3	1	2	3	4	5	6	7
6	7	8	9	10	11	12	4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14
13	14	15	16	17	18	19	11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21
20	21	22	23	24	25	26	18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28
27	28	29	30				25	26	27	28	29	30	31	29	30					
DICIEMBRE							ENERO							FEBRERO						
L	M	X	J	V	S	D	L	M	X	J	V	S	D	L	M	X	J	V	S	D
		1	2	3	4	5						1	2		1	2	3	4	5	6
6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13
13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20
20	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27
27	28	29	30	31			24	25	26	27	28	29	30	28						
							31													
MARZO							ABRIL							MAYO						
L	M	X	J	V	S	D	L	M	X	J	V	S	D	L	M	X	J	V	S	D
	1	2	3	4	5	6					1	2	3							1
7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10	2	3	4	5	6	7	8
14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17	9	10	11	12	13	14	15
21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24	16	17	18	19	20	21	22
28	29	30	31				25	26	27	28	29	30		23	24	25	26	27	28	29
														30	31					
JUNIO							No lectivos Comienzo y fin de curso													
L	M	X	J	V	S	D														
		1	2	3	4	5														
6	7	8	9	10	11	12														
13	14	15	16	17	18	19														
20	21	22	23	24	25	26														
27	28	29	30																	